

Asinado pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde-Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, dona Ana Prieto Nieto.

R. 2110

Anuncio

Por Decreto núm. 16005619 do día 15 de xullo aprobouse, entre outros o procedemento de licitación para a **LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2016 A 2019. APROBACIÓN DAS BASES E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN. (exp-29-2016)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É obxecto destas bases regular a concesión de autorizacións para a instalación de casetas e caldeiros do polbo números 1, 2, 3 e 4, do plano do proxecto da Feira, no recinto feiral durante as Festas do San Froilán, nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

b) **Prazo de duración:** Durante os anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimemento:** aberto.

4.- **Tipo de licitación:** Os prezos mínimos para a licitación das casetas e caldeiros do polbo serán os que a continuación se detallan:

CASETAS:

| CASETA | PREZO MÍNIMO DE LICITACIÓN |
|--------|----------------------------|
| Nº 1 | 18.772,79 euros |
| Nº 2 | 17.700,06 euros |
| Nº 3 | 16.627,33 euros |
| Nº 4 | 16.627,33 euros |

CALDEIROS:

| CALDEIRO | PREZO MÍNIMO DE LICITACIÓN |
|----------|----------------------------|
| Nº 1 | 11.714,22 euros |
| Nº 2 | 11.044,84 euros |
| Nº 3 | 10.375,46 euros |
| Nº 4 | 10.375,46 euros |

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** O licitador que presente a oferta máis ventaxosa estará obrigado a depositar unha garantía do 5% do importe anual ofertado.

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-73-01

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será **TRINTA DÍAS HÁBILES** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula sétima das Bases.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou enviadas por correo postal

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa (oficina de Rexistro)

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas e administrativas

11.- **Gastos:** 142,74 euros aproximadamente, que se repartirán de xeito proporcional.

Lugo, 15 de xullo de 2016.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2184

Anuncio

Por Decreto aprobouse a forma de adjudicación mediante procedemento aberto a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO SAN FROILÁN 2016: POSTOS AVENIDA RODRÍGUEZ MOURELO (LOTE 1), POSTOS PRAZA MAIOR (LOTE 2), POSTOS AVENIDA DR. GARCÍA PORTELA (LOTE 3) E POSTOS NA RÚA PURO CORA (LOTE 4). EXPDTE. 30-2016.** Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adjudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:**

O aluguer, montaxe e desmontaxe dos stands para a instalación de postos de venda no San Froilán 2016: postos Avenida Rodríguez Mourelo (lote 1), postos Praza Maior (Lote 2), postos Avenida Dr. García Portela (Lote 3) e postos na rúa Cora (Lote 4), todo elo segundo as bases técnicas elaboradas pola Xefa se sección de cultura.

b) **Prazo de execución:** Para todos os lotes a duración da instalación será do 24 de setembro ao 13 de outubro de 2016, ámbolos dous incluído. Poderá iniciarse a montaxe a partires do 24 de setembro segundo indicacións da Sección Municipal de Cultura do Concello. A desmontaxe dos stands deberá realizarse entre os días 13 a 17 de outubro de 2016.

Os contratos poden ser obxecto de prórroga, por acordo previo adoptado polo órgano de contratación, cunha antelación mínima de dous meses ás Festas de San Froilán 2017 e nas datas concretas que se indiquen polo responsable do contrato.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedimiento:** aberto